

Que é un biólogo?

Un biólogo é un licenciado/graduado en Bioloxía, capacitado para comprender o funcionamento e o comportamento dos organismos vivos, a súa orixe e evolución e a súa relación co medio que os rodea. O biólogo aplica os coñecementos biolóxicos aos campos da saúde (**biomedicina**), industria e sistemas productivos (**biotecnoloxía**), novas tecnoloxías (**bioinformática**) e medio ambiente (**biodiversidade**).



www.uvigo.es

FACULTADE DE BIOLOXÍA
UNIVERSIDADE DE VIGO
Campus Universitario Lagoas Marcosende
36310 VIGO. Pontevedra
Tel.: 986 811 976. Fax: 986 812 556
Email: decanatobiologia@uvigo.es
Web: www.biologia.uvigo.es

Para que capacita o Grao en Bioloxía?

Os Biólogos traballan e investigan nos ámbitos do medio ambiente, da sanidade, da produción e calidade, da formación e da docencia e no sector servizos.

Saídas Profesionais

SANIDADE

Análise clínicas, análise biolóxica de augas e alimentos, consello xenético, nutrición e dietética, toxicoloxía, avaliación de riscos, reprodución humana e planificación familiar, bioquímica, microbioloxía, estudos demográficos e epidemiolóxicos, fitosanitarios, control de axentes biolóxicos patóxenos, biotecnoloxía sanitaria, sanidade ambiental.

MEDIO AMBIENTE

Estudos de impacto ambiental, xestión de espazos naturais, auditorías ambientais, planificación e ordenación do territorio, conservación de especies, restauración do medio e da paisaxe, reforestación, xestión da contaminación e dos residuos, asesoramento científico, estudos ecolóxicos, prevención de riscos naturais e incendios forestais, dinámica de poboacións.

PRODUCCIÓN E CALIDADE

Análise e calidade agroalimentaria, produción de medicamentos de uso humano e veterinario, produción agropecuaria, acuicultura e produción pesqueira, biotecnoloxía industrial, produción forestal, xestión cinxética, xestión sustentable de recursos naturais, viveiros e xardinería, xestión da calidade en laboratorios e procesos industriais.

INVESTIGACIÓN

Traballo en grupos de investigación nos ámbitos da bioloxía e biotecnoloxía tanto en proxectos básicos como aplicados.

FORMACIÓN E DOCENCIA

Universitaria, secundaria, formación ocupacional, escolas taller, educación ambiental e para a saúde.

SERVIZOS

Zoolóxicos, museos, parques temáticos, xardíns botánicos, divulgación científica, prevención de riscos laborais, taxación e peritaxes...




FACULTADE DE BIOLOXÍA



Universidade de Vigo

Imaxes obtidas do Banco de Imaxes e Sons do INTEF

www.biologia.uvigo.es



GRAO EN BIOLOXÍA

FACULTADE DE BIOLOXÍA

"O teu éxito, o noso éxito"

Universidade de Vigo

Campus de Vigo



Centro certificado FIDES-AUDIT

A Facultade e a Titulación

- **Modernas infraestructuras e novas tecnoloxías** aplicadas á ensinanza (biblioteca científica, salas de videoconferencia, aulas de informática, pizarras interactivas e proxectores de vídeo,...)
- **Laboratorios experimentais** dotados co máis moderno equipamento científico para impartir docencia práctica actualizada nos diferentes ámbitos da bioloxía
- **Plan de Acción Titorial** con atención personalizada mediante un profesor titor que acompaña ao estudante ao longo de toda a súa formación
- **Profesores/Investigadores Doutores** conforman a plantilla de docentes con dedicación a tempo completo
- **Prácticas externas** para todo o alumnado

A facultade conta cun selo de calidade outorgado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e coa certificación da implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) conforme as directrices establecidas polo programa FIDES-AUDIT dende o 18/11/2013. (Certificado nº3/13)



Estructura do actual Plan de Estudos

- Un módulo de formación Básica no ámbito das ciencias experimentais (60 ECTS, 1º curso)
- Un módulo obrigatorio coas materias específicas para a formación dun biólogo (120 ECTS, 2º e 3º curso)
- Un módulo profesionalizante con formación orientada ás salidas profesionais do biólogo (36 ECTS, 4º curso) constituído por doce materias optativas (incluíndo prácticas externas), das cales deben cursarse 6
- O grao culmina co módulo de Proxecto e Traballo Fin de Grao (24 ECTS), que inclúe a materia Redacción e Execución de Proxectos (6 ECTS) e a realización dun Traballo Fin de Grao (18 ECTS)

PLAN DE ESTUDOS

Módulo Básico

60 ECTS. Carácter Obrigatorio

Bioloxía: Evolución	6 ECTS	Bioloxía: Solo, Medio Acuático e Clima	6 ECTS
Física dos Procesos Biolóxicos	6 ECTS	Bioloxía: Técnicas Básicas de Laboratorio	6 ECTS
Xeoloxía	6 ECTS	Bioloxía: Técnicas Básicas de Campo e Teledetección	6 ECTS
Matemáticas aplicadas á Bioloxía	6 ECTS	Estatística: Bioestatística	6 ECTS
Química aplicada á Bioloxía	6 ECTS		

Módulo Obrigatorio

120 ECTS. Carácter Obrigatorio

Bioquímica I	6 ECTS	Bioquímica II	6 ECTS
Botánica I: Algas e Fungos	6 ECTS	Botánica II: Arquegoniadas	6 ECTS
Citloxía e Histoloxía Animal e Vexetal I	6 ECTS	Citloxía e Histoloxía Animal e Vexetal II	6 ECTS
Microbioloxía I	6 ECTS	Xenética I	6 ECTS
Zooloxía I: Invertebrados non Artrópodos	6 ECTS	Zooloxía II: Invertebrados Artrópodos e Cordados	6 ECTS
Ecloxía I	6 ECTS	Ecloxía II	6 ECTS
Fisioloxía Animal I	6 ECTS	Fisioloxía Animal II	6 ECTS
Fisioloxía Vexetal I	6 ECTS	Fisioloxía Vexetal II	6 ECTS
Xenética II	6 ECTS	Microbioloxía II	6 ECTS
Técnicas Avanzadas en Bioloxía	6 ECTS	Inmunoloxía e Parasitoloxía	6 ECTS

Módulo Profesionalizante

Cursar 36 ECTS* de 72 ofertados. Carácter Optativo

Análise e Diagnóstico Clínico	6 ECTS	Avaliación de Impacto Ambiental	6 ECTS
Análise e Diagnóstico Medioambiental	6 ECTS	Biodiversidade: Xestión e Conservación	6 ECTS
Análise e Diagnóstico Agroalimentario	6 ECTS	Xestión e conservación de Espazos	6 ECTS
Producción Animal	6 ECTS	Contaminación	6 ECTS
Producción Vexetal	6 ECTS	Xestión e Control de Calidade	6 ECTS
Producción Microbiana	6 ECTS	Prácticas Externas	6 ECTS

*6 ECTS convalidables por recoñecemento académico

Módulo Proxecto e Traballo Fin de Grao

24 ECTS. Carácter Obrigatorio

Redacción e Execución de Proxectos 6 ECTS | Traballo de Fin de Grao 18 ECTS

Este módulo consta de dúas materias nas que o alumno aprenderá a metodoloxía e os aspectos básicos para a elaboración dun proxecto relacionado co ámbito profesional do biólogo (Redacción e Execución de Proxectos) e poñerá en práctica tanto os coñecementos como as competencias e habilidades adquiridas durante todo o período da súa formación académica (Traballo Fin de Grao). Esta última materia inclúe a realización dun proxecto relacionado con algún dos múltiples ámbitos do mundo laboral propios dun biólogo, sempre baixo a supervisión dun tutor. Será realizado en laboratorios da Facultade ou en empresas e outras institucións externas (centros de investigación, laboratorios públicos, etc.).

Prácticas Externas

6 ECTS. Módulo Profesionalizante. Carácter Optativo

As prácticas externas están orientadas a completar e reforzar as competencias asociadas ó título. Serán realizadas nun entorno laboral e profesional real relacionado con algún dos ámbitos da bioloxía, baixo a supervisión dun tutor no lugar de traballo e outro na Facultade de Bioloxía.

Na actualidade existen convenios con máis de 70 empresas, institucións e organismos que permiten ó alumnado elixir entre un amplo abanico de opcións nos ámbitos da sanidade, medio ambiente, biotecnoloxía, investigación, desenrolo e innovación, formación, e outros.



PROGRAMAS DE MOBILIDADE

SICUE

Mobilidade Nacional

É un programa que permite a realización dun curso académico ou dun semestre noutra universidade española coa que exista acordo de intercambio, asegurando o recoñecemento académico pola nosa universidade das materias cursadas e superadas no centro de destino.

ERASMUS

Mobilidade Europea

É un programa que permite a realización dun curso académico ou dun semestre nunha universidade europea coa que exista un acordo de intercambio, asegurando o recoñecemento académico pola nosa universidade das materias cursadas e superadas no centro extranxeiro.



Outros Programas

ISEP Este programa permite a realización dun curso académico ou un semestre nunha universidade estadounidense coa que exista acordo de intercambio.

Bolsas de Intercambio Propias A Universidade de Vigo ten Bolsas de intercambio propias, en función dos distintos convenios que ten con universidades de todo o mundo. As prazas ofertadas varían dependendo da titulación.

Libre Mobilidade

Este programa ten como obxectivo concreto potenciar a mobilidade internacional do estudiantado, apoiando nese proceso as iniciativas individuais do alumnado e facilitando vías de mobilidade adicionais ás que emanan dos programas, acordos e convenios de mobilidade institucionais xa establecidos.